

**ACORDO MARCO DE
DESENVOLVEMENTO DO PLAN
DE ACCIÓNS RELATIVAS Á
HOMOLOGACIÓN DO CAMIÑO
DOS FAROS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño dos Faros é una ruta de sendeirismo de 200 km que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Un camiño que ten o mar como maior protagonista e que pasa por todos os faros e principais puntos de interese desta parte da Costa da Morte.

Para o desenvolvemento do **Plan de Actuacións** é precisa a figura dunha entidade ou administración que actúe como promotora da homologación do camiño, convertíndoo en Sendeiro de Gran Recorrido (GR), garantindo así a súa permanencia e a seguridade das persoas que o percorren, ó tempo que colocaría á Costa da Morte e o Camiño dos Faros nas principais publicacións de sendeirismo a nivel nacional e europeo, aumentando as oportunidades de crecemento e desenvolvemento das actividades e dos servizos públicos e privados que converxen no trazado da ruta.


Este Camiño dos Faros foi deseñado, limpado e promocionado nos últimos tres anos pola asociación do mesmo nome sen ningunha axuda pública. Máis chegado a este punto e co obxectivo de homologar a ruta como Ruta de Gran Recorrido GR, solicitamos a implicación dos 9 concellos polo que discorre o trazado, coa firma dun convenio pra chegar a esa homologación.

A participación das entidades implicadas materialízase na elaboración e execución dun plan que formula as accións necesarias para que O Camiño dos Faros siga existindo con toda a súa idiosincrasia, plan que implementa as medidas e tarefas a desenvolver para a súa homologación como GR e para manter as condicións desa homologación e da dinámica intermunicipal en relación coa asociación.

Trátase dun plan en conxunto para este territorio vertebrado polo Camiño, en consonancia coas liñas de actuación definidas e a executar a través do desenvolvemento dos diferentes **acordos formulados** entre a entidade e as administracións. Acordos, centrados en proporcionar oportunidades, identificar áreas de interese común como base para futuros proxectos, crear mercado e alternativas, desenvolver un sentimento de identidade propio e un marco de referencia común para os distintos axentes que participan na dinamización do territorio do trazado do Camiño dos Faros.

O documento asinado constitúe a chave da participación e cooperación entre os diversos interlocutores institucionais que operan no territorio do camiño dos Faros para a execución dun plan conxunto no que se consensuan as accións de obrigada realización e as liñas de apoio precisas para construír unha base sólida de traballo, intervencións que deberán ter necesariamente un carácter complementario ás accións que se viñan executando nos últimos tempos, para engadir novos valores ós resultados acadados ata o momento.

Necesariamente, as accións do Plan de Actuación, tamén han de ter en conta as medidas e intervencións que se deseñen dende as outras administracións a nivel provincial, autonómico, estatal e europeo. E en concreto, non se pode esquecer que o proxecto de homologación ten que coexistir con outros plans para o desenvolvemento territorial da zona, froito de procesos de concertación subscritos polos mesmos axentes.



Por todo iso, as entidades e organizacións asinantes, en exercicio da súa liberdade e sen renuncia das súas competencias,

En Vimianzo a12 de novembro de 2015

REUNIDOS

os alcaldes e alcaldesas presidentes das corporacións municipais atravesadas pola ruta do Camiño dos Faros,

pessoas, todas elas, que actúan en representación legal que da súa entidade e organización teñen atribuída,

EXPOÑEN

Que, ademais das propias actuacións en políticas específicas de desenvolvemento local, turismo e medio ambiente, e tendo a firme vontade de contribuír á homologación do Camiño dos Faros, realizarán, e para a consecución dos obxectivos, actividades e accións que consoliden, a tal efecto, as necesarias vías de diálogo e concertación.

PRIMEIRO: subsciben o Acordo de Desenvolvemento do Plan de Actuacións relativas á Homologación do Camiño dos Faros.

SEGUNDO: coñecen a normativa reguladora sobre ordenación e planificación do territorio; sobre patrimonio natural, biodiversidade e conservación; a normativa en materia turística; a normativa de homologación e as competencias e funcións da Federación Galega de Montañismo (FGM)sobre sendeiros; a normativa sobre Rexistro da Propiedade e Catastro inmobiliario, así como a regulación local en materias específicas que poderían afectar a este plan de actuacións.

TERCEIRO: coñecen a lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento (RD 887/2006, do 21 de xullo); a lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento (D 11/2009, do 8 de xaneiro); a lei de contratos do sector público, texto refundido aprobado polo RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e a lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

ACORDAN


A partir da situación e dos principios anunciados de consenso entre a entidade O Camiño dos Faros e os concellos, e o compromiso cunha mellor sinerxía e coordinación para unha maior eficacia das actuacións,



Apoiar, cos correspondentes instrumentos de participación, seguimento e control as diferentes actuacións a abordar no Plan de Actuación para a Homologación do Camiño dos Faros, obxecto do presente acordo, cos representantes das entidades e organizacións asinantes.






Considerar a recomendación de realizar durante a execución do mesmo, e para acadar os seus obxectivos, diversas intervencións en coordinación con outros axentes e administracións con presenza no territorio ou responsabilidade sobre os recursos e non asinantes deste acordo.

Manter a correspondente vixencia das actuacións do Acordo e do Plan de Actuacións dende a súa aprobación ata dar por finalizadas aquelas nas que se acadan os resultados previstos de xeito positivo.

E, en proba de conformidade, asinan o presente Acordo para o desenvolvemento do Plan de Actuacións relativas á Homologación do Camiño dos Faros, na data e lugar indicados.



ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTÍÑOS  Asdo.:	ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS  Asdo.:
ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE CEE  Asdo.:	ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE FISTERRA  Asdo.:

<p>ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE LAXE</p>  <p>Asdo.:</p>	<p>ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA</p>  <p>Asdo.:</p>
<p>ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUXÍA</p>  <p>Asdo.: <i>Feliz Ruíz</i></p>	<p>ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO</p>  <p>Asdo.:</p>
<p>ALCALDE_PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO</p>  <p>Asdo.: <i>Manuel António Pato</i></p>	<p>PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN O CAMIÑO DOS FAROS</p>  <p>Asdo.: <i>Maria A. Rovira Castaño</i></p>

